**SRA.MARCOTE, PP.-** Resultando que el Reglamento municipal de venta ambulante exige, hasta ahora, como requisito para la obtención para el ejercicio de la venta ambulante en su art.11, apart.1.c), estar ó corrente no pago das cotizacións á Seguridade Social, y puesto que el Decreto 171/2002, de 25 de abril, de la Consellería de Industria y Comercio, por el que se modifica el Decreto 194/2001, de 26 de julio, de ordenación de venta ambulante, elimina dicho requisito y segun la exposición de motivos dice: "o artigo 25 da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia, en relación co disposto no art.10.b) e 10.d) da mesma Lei, esixe para o exercicio da venda ambulante que os interesados estéan en posesión da Licenza Fiscal, e teñan cumpridas as suas obrigas, si é o caso, en materia de Seguridade Social para o inicio da actividade. En desenvolvemento do disposto no capítulo VI da devandita Lei, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación de venta ambulante, estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ó corrente no pagamento das cotizacións en tal réxime", e dado que a expresión contida no art.10.d) da tan repetida Lei, refírese á circunstancia de estar afiliado en situación de alta no réxime correspondente da Seguridade Social resulta convinte modificar os artigos 6.c) e 10.2.b) do referido Decreto no sentido de limitá-la esixencia deste aspecto concreto, máxime si temos en conta que o control e o cumprimento das obrigas de pagamento da cotización xa é realizado polos órganos e polos procedementos establecidos na lexislación da Seguridade Social e de infraccións e sancións na orde social. Por todo ello, en aras de promocionar, apoiar el exercicio de la venta ambulante, permitir un acceso a dicha actividad comercial y al mismo tiempo manteniendo un control normativo y de acuerdo con las potestades reglamentarias que ostentan los Municipios, siendo competente para la aprobación de los Reglamentos y Ordenanzas el Pleno de la Corporación, se eleva al Pleno de la Corporación:

**PRIMEIRO.-** MODIFICAR el apartado 1.b del artículo 11 del reglamento de forma que queda redactado de la siguiente forma

- b) Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente de ambulante

- Eliminar el apartado 1.c y 3.c del artículo 11 del Reglamento Municipal de Venta Ambulante.

**SEGUNDO.-** Someter a modificación do regulamento a exposición ó publico polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do Concello.

---

**SR.LORES, PSOE.-** Non temos nada que decir, ímonos abster.



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** E unha cuestión de trámite, técnica como a anterior, o que sí quero é aproveitar Sr.Alcalde, xa que chegou ós nosos oídos unha situación que polo menos nos incomoda, decirlle que hai certas vendedoras ambulantes que están facendo a súa actividade de maneira ilícita no casco ce Baiona, nos manifestaron que están sufrindo unha persecución por parte da Policía Local porque o BNG lle está esixindo ó Alcalde, e está influindo no Alcalde, para que isto suceda; que a culpa de que a Policía esté detrás das vendedores ambulantes é do BNG, así de claro; nós creemos que é unha situación que non é real e as responsabilidades do Alcalde son por estar facendo a súa actividade de goberno e non debe achacarlle á oposición estas situacións que, en todo caso, si as leva adiante, as apoiaremos; pero deixe de botarnos encima ós veciños da maneira que o está facendo.

**SR.ALCALDE.-** E bó que agora a responsabilidade da Policía Local vaia sobre o BNG e así non é do Alcalde. Foi nun momento, pero xa se sabe que non é, por iso non hai problema.

**SR.VILAR, CMÑ.-** E unha medida de tipo económico importante e boa para o Concello, sobre todo que se aplique este novo criterio de suprimir o acordo de atoparse ó corrente no pago das cuotas á Seguridade Social, cousa que limitaba a moita xente á venda ambulante; creemos que esta medida favorece a venda ambulante que para moita xente é o seu medio de vida, o que queremos é que esta xente polo menos en Baiona, que é nosa responsabilidade, estén todos legalizados e ó corrente na súa actividade.

**SRA.MARCOTE, PP.-** Simplemente agradecer al concejal Manolo Vilar su apoyo a la medida, y comentar que lo que se trata con esto es favorecer a la venta ambulante, es decir, el control fiscal sobre si tienen ó no deudas con la Seguridad Social que lo realicen los propios órganos de la Seguridad Social y no nuestra Administración Local, que reflejaba en la ordenanza que era necesario por nuestra parte hacer ese control cuando ya existen decretos en los que se modificó.

-----  
**Se procede polo Sr.Alcalde á votación da presente Moción, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2, BNG); producíndose 6 abstencións, 6, PSOE.**

-----  
**Polo cal o Pleno, por maioría, acorda APROBAR:**

**PRIMEIRO.-** Modificar el apartado 1.b del artículo 11 del reglamento de forma que queda redactado de la siguiente forma

b) Estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente de ambulante

- Eliminar el apartado 1.c y 3.c del artículo 11 del Reglamento Municipal de Venta Ambulante.

**SEGUNDO.-** Someter a modificación do regulamento a exposición ó publico polo prazo de 30 días a través de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e o taboleiro de anuncios do Concello.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

**6.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DE APOIO PARA A CREACION DUNHA UNIDADE ESPECIAL DE ATENCION A GRANDES LESIONADOS MEDULARES NO PROXIMO HOSPITAL A CONSTRUIR NO SUR DE PONTEVEDRA.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, PP, quen da conta da seguinte:

**MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE BAIONA**

Os concelleiros integrantes do grupo goberno do Concello de Baiona, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para o seu debate, e se é o caso proceder a súa aprobación no Pleno Ordinario a seguinte:

**MOCIÓN DE APOIO PARA A CREACIÓN DUNHA UNIDADE ESPECIAL DE ATENCIÓN A GRANDES LESIONADOS MEDULARES NO PRÓXIMO HOSPITAL A CONTRUIR NO SUR DE PONTEVEDRA**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

No mundo occidental os traumatismos graves incrementáronse de forma extraordinaria nos últimos anos. Nos que encontramos diferentes tipos como os accidentes de tráfico, os laborais, accidentes nas praia e nos ríos, os cales teñen consecuencias moi graves para os cidadáns.

Á Area Metropolitana de Vigo é o motor económico de Galicia, cunha actividade industrial moi importante que unida a zona do Norte de Portugal (cunhas características similares) constitúe a zona con maior risco para este tipo de accidentes.

A lesión medular está presente en moitos destes accidentes e polo que proceder a unha actuación rápida é fundamental para evitar secuelas posteriores.

Dende diferentes colectivos, como a Asociación de minusválidos comarcal AMICO, ven sendo solicitada a creación dunha Unidade Especial de Atención a Grandes Lesionados Medulares, aproveitando a construción do novo hospital na parroquia de Valadares e a reordenación de especialidades conseguinte.

Por todo o anteriormente exposto os Grupos Municipais que subscriben, consideran de interese municipal que o Pleno Corporativo ACORDE:

**PRIMERO.-** Solicitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a creación dunha unidade especial de atención a grandes lesionados medulares, no próximo hospital a contruír no sur de Pontevedra,

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade así como a Asociación de Minusválidos “AMICO”

---

**CONTINUA.-** Esperemos que dentro de 4 años esté finalizado el nuevo hospital que se va a hacer en Vigo, en terrenos de Beade y Valladares, y que será uno de los más grandes de España y de la Unión Europea con más de 1.500 camas; el motivo de esta Moción, que ya se ha presentado en distintos Ayuntamientos tanto de Pontevedra como de Orense, es porque creemos que este momento es una gran oportunidad para que se pueda crear una Unidad especializada para lesionados medulares. En el



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

sur de Galicia contamos con una población de un millón y medio de habitantes, y la mayoría de las lesiones medulares están en la zona sur de Galicia; actualmente, como saben, hay un hospital en La Coruña, el "Juan Canalejo", que tiene 36 camas, y todos los años hay unos 100 lesionados medulares en Galicia, y el "Juan Canalejo" no puede atender toda esta demanda. Un lesionado medular, ya sea parapléjico ó que tenga afectadas la extremidades inferiores, o superiores, necesita un tratamiento, una rehabilitación, de más o menos 7 meses, si estamos hablando de que todos los años deben pasar 120 pacientes por el "Juan Canalejo" pues obviamente no pueden recibir el trato que deberían; de hecho muchas veces se dá el alta antes de que realmente el paciente esté rehabilitado del todo.

Pienso que es importantísimo que todos apoyemos esta Moción, por todo nuestro entorno, todos conocemos a alguien que algún día tuvo una desgracia; la mayoría de las estadísticas dicen que la mayor parte de lesiones medulares son por accidentes de tráfico, bien sea de moto o de coche; también por accidentes laborales, como comentaba antes, en la zona sur de Galicia así como en Portugal, por el tema de la construcción, por eso la mayoría de lesionados medulares son casi siempre varones, gente entre 15 y 35 años, pero sobre todo varones también por el tema del deporte que a veces conlleva un poco de riesgo.

Pedimos que toda la Corporación municipal apruebe esta moción porque creemos que es una moción muy sensible y que estamos en el momento oportuno, puesto que aun no se inició la construcción de este hospital, que esperemos que esté funcionando para el 2012 y que pueda haber esta unidad especializada de lesionados medulares, muchísimas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** A estrutura deste Pleno é unha estrutura repetida nos Plenos dos últimos meses: 4 ou 5 mocións sen ningún contido, e unha moción que intenta meter unha pulla no goberno da Xunta, ou sexa, que intenta facer oposición dende o goberno; polo tanto, o que sí nos demostran estas Ordes do Día é a incapacidade, a falta de xestión, do actual equipo de goberno de Baiona.

Xa entrando na Moción dicir que nós non estamos en contra, quizá ao mellor habería que facer unha pequena modificación, máis que "que se cree", que "que se estudie"; que se valore por parte dos técnicos do SERGAS si é viable este tipo de infraestrutura. Eu non son técnico, nin moito menos, en materia de sanidade; o Sr.Alcalde por suposto que é unha persoa con criterio neste campo, e nalgúns momentos se dí que non é tan importante o número de instalacións senón como estén, que dotacións e que importancia teñen ese tipo de centros tanto de medulares como se falou nalgún momento, de hospitais comarcais; curiosamente, o responsable da Unidade que hai na Coruña, no "Juan Canalejo", pois técnicamente creo que é unha persoa moi válida, políticamente creo que é próxima ó Partido Popular, isto é unha anécdota, non importa, e está totalmente en contra de que en Galicia se faga outra unidade deste tipo; dí que é mellor centralizar os recursos e darlle calidade ós servizos nun área máis ou menos próxima como pode ser unha Comunidade autónoma e non expallar recursos por toda a autonomía con peores medios técnicos.

Nós pedimos que se poida introducir a expresión de "que se estudie e se valore polos técnicos", en lugar de "que se cree", parécenos que é máis correcto; de todas formas nós vamos apoiar esta Moción aínda que ten carácter de reivindicación, pero, como decía o Sr.Rodal, hai unha proximidade, unha afectividade, que nos dá o impulso de pedir que aquí se faga unha Unidade deste tipo, pero creo que os criterios deben estar por encima deste tipo de valoracións; que se entenda que aquí hai esa sensibilidade parécenos ben pero realmente non sabemos se isto é suficiente para a creación dun Centro deste tipo. Moitas grazas.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Como decía o compañeiro Lores efectivamente nos movemos nun plano no cal nós non temos un criterio moi definido como para falar desta cuestión. En todo caso nos parece ben que se solicite, que se faga, ou que se estudie, a posibilidade de crear unha Unidade deste tipo, debido fundamentalmente a que cada día no mundo en que vivimos sempre existe o risco de que calquera de nós estea nesa situación. Cando se fala destas cuestións de Medicina ou de hospitais, a mín sempre me ven á cabeza que o sentido común non é crear grandes infraestructuras de ámbito xeral senón para especialidades concretas; estivemos vindo a política que se seguiu durante moitos anos en Vigo, os que coñecíamos o que era antes o Hospital Xeral e o que é agora, había zonas axardinadas, se foi ampliando e ampliando, e



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

mentras esas zonas se ampliaban había hospitais que se ían contratando, hospitais privados con diñeiro público, a noso entender despilfarrando diñeiro público; nas zonas de afluencia como é o Val Miñor con máis de 50.000 habitantes seguemos a día de hoxe sen un hospital; evidentemente ao mellor para as arcas públicas sae economicamente máis factible, pero tamén hai que contar con que todos os usuarios dos hospitais temos que desplazarnos, e iso tamén conta, conta sobre todo no plano político, ou debera de contar. Agora se vai crear un gran Hospital e iso vai supór que si ata agora non tiñamos oportunitais de ter un hospital no Val Miñor cando se faga este gran hospital vamos a ter moitas menos.

Cando se vai a preparar unha Moción deste tipo esas cuestións sempre se consulta a persoas de confianza dentro dos grupos cá é o criterios dos profesionais, e nós por suposto que estamos de acordo coa Moción, é de sentido común, pero o que sí quixera criticar é que o PP utiliza un dobre linguaxe cando fala destas cuestións: cando estivo gobernando contrataba a POVISA, a hospitais privados con diñeiro público, despilfarrando o diñeiro público, ampliaba e centralizaba todo no que era o Hospital Xeral; cando estaba gobernando fixo unhas concesións noutro plano, nas autoestradas, cun peaxe, bloqueando esas concesións, e incluso na Televisión de Galicia fixo contratos antes de sair onde bloqueou contratos con certos personaxes achegados a eles, e agora que está na oposición quer facer o que nunca fixo. Ese dobre linguaxe sí o criticamos poque creemos que hai que ser consecuente coa política que leva cada ún: si estás provocando unha situación despois non pidas cando estéas na oposición a contraria da que estiveches facendo; en todo caso esta é unha crítica política, Sr.Alcalde, que non ten nada que ver con que evidentemente calquera de nós pode vivir unha situación como esas en calquer momento, nadie está libre de elo, e creemos que sí se debe dar unha solución a estas situacións tan graves, delicadas, e traumáticas.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Que un goberno como o de Baiona se posicione neste tema é máis importante do que poidan crear moitos aquí, xa que qué dúbida cabe que en Vigo hai agora un gran proxecto dese Hospital que se vai a construír para ó sur de Galicia que ven a suplir a deficiencia que en materia sanitaria pública había na área de Vigo, e dentro da área de Vigo quizá unha das comarcas que esté máis afectada, pola gran dependencia que sempre existíu coa sanidade en Vigo, é o Val Miñor; lóxicamente fai uns anos se falaba da posibilidade de facer un hospital no Val Miñor, este tema o viñan reclamando Asociacións de empresarios e demáis; eu estiven falando con expertos, e o Sr.Alcalde o é, e falando cun sentido realista do que é a Sanidade, hoxe en día é moito mellor ter un gran centro hospitalario próximo e con bós accesos; o Val Miñor ten uns accesos excelentes para acceder ós hospitais da zona periférica de Vigo, todo grazas á autopista; nós consideramos que ese gran hospital, cantas maiores unidades teña mellor, e si ésta Unidade non se contemplaba pido que dende aquí fagamos forza para que así se faga, porque esta moción vai ser tamén aprobada na Mancomunidade do Val Miñor; é un grano de area, pero un grano de area moi importante facer este tipo de reclamacións ante as autoridades sanitarias de Galicia, que supoño que será o SERGAS.

Esta moción, que se vai a levar en moitos Concellos, é unha moción política, evidentemente, pero un hospital se fai por criterios políticos. Penso que por un lado nos gustaría ter un hospital no Val Miñor, pero tal e como é a Medicina hoxe en día, que é unha medicina en equipo, unha medicina na que hai especialidais moi concretas, ten que estar nos grandes Centros, e de feito calquer de nós cando vai a Urxencias o primeiro que fai é ir a Vigo e evitarnos un trasvase polo Val Miñor e por Baiona, vamos directamente a Vigo. Esta moción é moi acertada e me parece que vai axudar a que ese gran Hospital de Vigo teña un maior número de especialidais, debemos apoiála convencidos de que isto é o mellor para Baiona e para o Val Miñor; nós estamos totalmente a favor deste tema.

**SR.RODAL, PP.-** Esta moción, o semejante, se presentó ya en 33 Concellos de Orense y de Pontevedra, y no son todos del PP; 21 eran del PP, que lo aprobaron, y 12, entre el PSOE y el BNG, que también lo aprobaron; está aprobado en Vigo, y en Orense, hablamos siempre del sur de Galicia. Cuando una persona tiene una lesión medular requiere un trabajo muy laborioso, desde cirujanos, neurólogos, fisioterapeutas, urólogos, y también psicólogos, pero hay una parte muy importante que son los familiares, y cuando una persona tiene una lesión medular, imaginemos en nuestro Municipio, en Baiona, y tiene que hacer la rehabilitación en La Coruña, en el "Juan Canalejo", y no digamos que tenga que ir a Toledo, o a Barcelona, pues debe de ir su familia, y de hecho en los últimos estudios se está comprobando que lo más importante es



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

el tema psicológico, porque aparte de que esta persona se quede, posiblemente, en una silla de ruedas, rompe también a una familia; si el enfermo medular tiene que estar en la Coruña, por ejemplo, en las terapias de rehabilitación es bueno que estén los máximos familiares posibles con esta persona; éste es uno de los motivos por lo que se pide que esta Unidad especializada esté en el nuevo hospital de Vigo, para que así pueda estar cuanta más gente de su familia a su lado, porque esa es una labor importantísima.

Para finalizar, creo que es un deber de todos, de toda la sociedad, pero sobre todo de los políticos, devolverle la ilusión por vivir a esta gente y que se integren de una manera más o menos consciente tanto a nivel laboral, dentro de sus posibilidades, como a nivel social. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** Dende o PSOE existe esa sensibilidade de que este tipo de lesionados teña unha atención de calidade; o comentario que facíamos era que non sabemos si técnicamente unha atención de calidade ten sentido dála en Vigo, ou na Coruña; onde sexa, que sexa de calidade. Nós tamén participamos desa sensibilidade para que este tipo de lesionados dos que falamos neste punto teñen unha atención de calidade por parte da Administración Pública.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Rodal, vou a contestar a dúas cuestións das que acaba de falar; non ten que xustificar vostede nada, nós vamos apoiar a Moción e creemos que se debe de facer esta Unidade, non me xustifique nada porque estamos, como mínimo, tan convencidos como vostede. Outra cuestión é que nomeou uns Concellos nos que se aprobou esta Moción; é unha moción como diría o Sr.Vilar, de cicloscyl, do PP, que presenta o PP, porque si a presentara o BNG (hoxe aquí a houbera presentado tamén) estaría nos correos electrónicos dos portavoces do BNG; senón está e que o BNG non ten unha moción de cicloscyl deste tipo. De todos xeitos me imaxino que o haberán apoiado noutros Concellos os compañeiros do BNG como hoxe nós a aprobamos aquí, pero nada máis, ou sexa, non temos ningún problema con que a presente o PP ou a presente o BNG; é unha moción que nos apoiamos e que asumimos que a presente o equipo de goberno.

**SR.ALCALDE.-** Para nada, Sr.Fernández, esta moción a escribiu quen está falando, ou sexa, olvídense de que sexa de cicloscyl nin de ningún outro texto, para nada. Todos os datos foron recollidos por nós; e non vou a cobrar dereitos de autor pero non é como dí vostede, pode presentala en todos os Concellos do BNG que queira, penso que sería interesante.

Quixera facer un par de puntualizacións; por parte do Sr.Lores se dixo que o equipo de goberno está utilizando este teipo de mocions politicamente, para atacar ó Goberno da Xunta, aquí non se trata de atacar a nadie senón simplemente dar conta da realidade, hai unha serie de solicitudes de Asociacións e de Concellos de algo moi razoable, ¿porqué?, eu creo que hai un gran erro neste momento cando se fala do novo hospital, creo que xa fixeron 5 presentacións e cada vez aumentan o número de camas, iso é un erro, un hospital non se valora polo número de camas, se valora polo número de quirófanos, polo número de box de urxencias, por camas de alto coidado, esa é a gran diferenza, hoxe se trata de que os hospitales teñan o menor número posible de camas de media e larga estancia; a ciruxía debe ser ambulatoria dentro de todas as posibilidades; a ciruxía que neste momento se está aplicando na área de Vigo, en ciruxía cardíaca, por exemplo, estamos falando dunha estancia media de 6 días, ciruxía cardíaca, é decir, a máis complexa de todas as ciruxías; non se necesitan 1.500 camas na área de Vigo, sí se necesita un grupo de camas de altos coidados para recuperación cardíaca, para recuperación medular, o que se chama UVI; iso sí que é necesario, ese será un gran hospital: o que teña ese tipo de Inidades.

Que exista no "Juan Canalejo" Unidad de lesionados medulares está moi ben, é curioso que sexa en Coruña sempre, porque a área máis industrial de Galicia, onde máis tráfico hai, é na zona nosa, polo tanto si ten que haber unha Unidad de lesiones medulares en Galicia ten que ser na área de Vigo, pero senón dous caben perfectamente; ún dos responsables desa Unidade traballa actualmente no Complexo hospitalario de Vigo, que é o Sr.Javier de Juan (que está moito ademais en Baiona); agora ¿qué alguén de Coruña diga que non se faga nada en Vigo e que se faga en Coruña?, bueno, está dentro de suas solicitudes e do seu poder neste momento, pero está claro que non é así, onde hai máis lesionados medulares, máis accidentes laborais porque é onde existe maior actividade industrial, é na nosa zona; e non só como dí a Moción "a zona nosa",



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

senón Ourense, importante, estamos falando dun Centro de referencia para Ourense e Pontevedra, e non só para aquí, senón tamén para ó norte de Portugal, que non ten centros adecuados para tratar este tipo de patoloxías.

E fundamental ter nos primeiros momentos unha atención, de feito se marcan as 6 ou 8 primeiras horas como as máis importantes para un lesionado medular; si nese tempo se fai un traballo adecuado posiblemente as secuelas sexan moi, moi inferiores; por iso unha persoa do Barco de Valdeorras, por exemplo, ¿cánto pode tardar en chegar xa non digo á Coruña, senón a Vigo?, pois bastante, pero é que pode ser todavía ben tratado.

Nós estamos nunha zona de privilexio e estaremos cada día máis; eu dixen sempre cada vez que falaban dun hospital comarcal para o Val Miñor que eu non quería vivir nunha zona onde houbera un hospital comarcal; eu, si podo ir a un hospital de Unidades avanzadas onde me poidan resolver o problema, quero ir, e aquí estamos a 15, 20 minutos de tres hospitales; e do novo, no mesmo tempo; un hospital comarcal está ben posiblemente para unha zona aillada, pero non para a nosa zona. Polo tanto, as Unidades de alta especialización, sí que son necesarias, e iso é o que estamos pedindo: unha Unidade de alta especialización. Creo que é de sentido común; e o que os técnicos teñan que decir, para mín, Sr.Lores, é o número de camas que ten que haber para este tipo de pacientes na nosa área; pero que teña que estar localizada aquí, eu penso que é algo clarísimo. E fora o tema de localismos, non necesitamos que sexa en Sabarís ou en Ramallosa, onde vai a ubicarse en Valladares vamos a estar a 15 ou 20 minutos, polo tanto creo que mellor cousa para nós non pode ser. De todas formas grazas a todos por estar todos de acordo con esta solicitude que creo que vai a mellorar evidentemente a sanidade de toda a nosa zona.

-----

**Se procede polo Sr.Alcalde á votación da moción, resultando aprobada por unanimidade.**

**E polo cal, o Pleno da Corporación, por unanimidade APROBA:**

**PRIMERO.- Solicitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a creación dunha unidade especial de atención a grandes lesionados medulares, no próximo hospital a contruír no sur de Pontevedra.**

**SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Consellería de Sanidade así como a Asociación de Minusválidos “AMICO”.**

---

## **7.-MOCIONS.-**

Non se presentan.

## **8.-ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGO DO PSOE.- SR.LORES.**

- O **ROGO** é que polo menos unha vez ó mes o Equipo de Goberno traia aquí algunha moción de calado, porque levamos practicamente 6 meses aprobando modificacións de taxas e mocions do tipo das de hoxe, aínda que as modificacións nos parecen correctas máis que nada pola adaptación á Lei, parécenos correcto; e incluso tamén nos parece lóxico que por parte do equipo de goberno se intente facer algo de





EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

oposición á Xunta de Galicia, pero pedimos que de vez en cando nos presenten algunha Moción que tiña que ver con Baiona e con mellorar a calidade de vida dos nosos veciños.

---

**SR.ALCALDE.-** A verdade é que creo que a petición da Unidade de lesionados medulares é un tema de calado, pero senón están de acordo o retiramos da Orde do Día.

---

**RESPOSTAS (ás PREGUNTAS presentadas polo PSOE no Pleno anterior)**

**RESPOSTA DO SR.ALCALDE.-** Sobre o que decía o portavoz do PSOE no anterior Pleno sobre verquidos en Sabarís e na Concheira, nós pedíamos ó responsable do PSOE que nos dixera día e zona, falamos con ESPINA Y DELFIN e nos dixo que non ten constancia ningunha e de feito as analíticas tanto dun lado como doutro que nos chegaron son correctas.

- A segunda pregunta era si concesión de servizos de hamacas nas praias de Baiona, si esa concesión tiña dereito á reserva de espazo.

**RESPOSTA DO SR.VILAR, CMÑ.-** Os servizos de temporada nas praias para o 2008 foi autorizado pola Xefatura de Costas; teño un informe favorable desta Xefatura en relación ás tumbonas (que creo que foi o que se plantexou aquí), e sinala que na praia Ladeira hai autorizadas 20 unidades de tumbonas, en Santa Marta outras 20, na Ribeira 14, na Concheira 12, e na praia Barbeira, 6 unidades de tumbonas; isto foi o que autorizou Costas en concreto. Isto saíu a concurso público e, en función de iso, presentaron ofertas.

**SR.LORES, PSOE.-** O comentario é que o espazo reservado ás hamacas impide un acceso máis libre ós usuarios, pola mañán estenden as hamacas nese espazo e o resto dos usuarios temos que adaptarnos ao espazo que nos van deixando, polo tanto parece máis lóxico que se teña en conta en futuros Concursos de adjudicación; isto é o que queríamos transmitir: o descontento que nós percibimos.

---

**4º PREGUNTA.-** Sobre a problemática da noite e dos efectivos da Policía.

**RESPOSTA SR.ALCALDE.-** O número de Policías de noite varía según o día da semana, hai dende un mínimo de 2 ata un máximo de 6; o fin de semana solen ser 4 ou 6.

**5º PREGUNTA.-** ¿Cal foi a última vez que se limparon os contenedores da Praza de Abastos de Marqués de Quintanar, Carabela Pinta, do muelle e do lado da Casa do Mar?.

**RESPOSTA SR.VILAR, CMÑ.-** Sempre que temos posibilidade procuramos limpiálos, de feito se fixeron unha serie de normas esixíndolle ós usuarios que non depositen o lixo ata as 8 da tarde, que fagan máis reciclaxe, polo que estamos apostando moi forte. Estamos incluso negociando con varias empresas proxectos de lavado de contenedores, e temos algúns prezos que xa nos deron e que son curiosos: 0,008171 euros/litro lavado, eu lle dixen á Interventora que o interpretase; de todas formas ó final do verán faremos un lavado intensivo. Tamén quero dicir que a limpeza de contenedores non se pode facer senón existe unha colaboración cidadana e se afonda moito máis na cultura do reciclaxe; cultura do reciclaxe que a Concellería de Medio Ambiente está a levar a cabo para que chegue a todas as conciencias, xa primeiro polo sector diríamos da pequena empresa, coa posta en marcha do punto limpo de Bahiña, para que depositen o cartón, a madeira, etc., tamén se están incrementando os contenedores da recollida de vidro;



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**B A I O N A**  
(PONTEVEDRA)

creáronse puntos ecolóxicos como o da praia Ribeira, que funcionou bastante ben. Consideramos que se deu un avance moi importante; eu recordo cando fai 1 ano as bolsas de lixo estaban ó lado das cafeterías de Elduayen, botadas polos propios das cafeterías, e agora a verdade é que xa o levan ó muelle; esta cultura do reciclaxe eu espero que chegue a todos; o triste moitas veces é que os propios empresarios non colaboren moito, pero penso que é unha batalla que vamos a ganar, cada vez a xente colabora máis e toma conciencia do que supón o reciclaxe, o que nos vai a permitir ser cada vez máis pulcros en materia de limpeza de contenedores. Sabemos que hai moita xente que non está pola labor, que a veces confunden a política coas normas de urbanidade, pero nós estamos por enriba de todo eso e consideramos que a conciencia cívica, cidadá, pasa pola cultura do reciclaxe, e si todos cumprimos teremos posibilidade de facer todas estas labores que tanto lle preocupan á oposición, e por suposto me encanta que se impliquen neste tema apoiando ó goberno municipal.

**SR.ALCALDE.-** Se limparon con medios propios en xullo e agosto, non só os contenedores senón tamén o que é o chan, e como decía Manolo Vilar, Baiona estase concienciando en xeral no tema de limpeza viaria e recollida de residuos, e o problema non é o que limpes senón o que manches, neste caso houbo comportamentos no pasado penso que non demasiado correctos, a veces dos propios empresarios. Creo que isto xa cambiou e que a liña é de colaboración máxima para tratar de ter Baiona o máis limpo posible; este tema non debe ser un arma política senón un obxectivo para todos.

---

**PREGUNTAS do PSOE.**

**SR.LORES.-**

**1º.-** Parece ser que se cesou á persoa que parecía ser persoal de confianza da Alcaldía, non sei o nome, e se nomeou a Mónica Martínez; hai 3 decretos. Simplemente decir que cando foi o nomeamento da outra persoa pasou polo Pleno e este nomeamento simplemente se fixo por Decreto, quixera aclarar si esta persoa é de confianza ou ten contrato dentro do Concello.

**SRA.SECRETARIA.-** Se nombró a Mónica en lugar de la anterior secretaria de la Alcaldía, estaba creada ya la plaza en el presupuesto que es lo que realmente viene a Pleno, y está a expensas de publicarse en el Boletín de la Provincia; es libre personal de confianza.

**PREGUNTAS do BNG.**

**SR.FERNANDEZ.-**

- ¿Porqué motivo están paradas as obras do Centro de Día, Sr.Alcalde?.

RESPOSTA DO SR.ALCALDE.- Responderase no próximo Pleno.

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as trece horas trinta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.